

## Calurosa homenaxe da AELG a Helena Villar Janeiro na súa terra rianxeira

**26.06.2016** Numerosos escritores arrouparon á autora ó prantar un loureiro fronte ó peirao// Adicoulle a Letra E ó seu home, Xesús Rábade, e á súa neta "que me segue arrincando versos e contos"

SUSO SOUTO RIANXO

Centos de persoas asistiron onte en Rianxo ós actos da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), na que a escritora Helena Villar Janeiro ingresou como Socia de Honra tras descubrir un monolito e prantar unha árbore nese municipio, que ela mesma elexiu para recibir a Homenaxe á escritora na súa Terra.

Entre os asistentes atopábanse o presidente da RAG, Xesús Alonso Montero; a vicepresidenta da Deputación, Goreti Sanmartín; e numerosos escritores, como Concha da Costa, Eduardo Estévez, Xosé Perozo, Víctor Freixanes, David Otero, Carlos Negro...

Os actos deron comezo fronte ó peirao de Sete Fogas, nunha praciña aberta ó mar. "Un lugar para ter conversas cas estrelas", dixo o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez. Ali, Helena Villar descubriu emocionada "coma unha noiva" o monolito de pedra no que Che Golias esculpiu uns versos da autora: *Mirarei este mar/ cos ollos que hoxe inscrito nesta pedra./ Navegarei solpores en Rianxo/ sen antes ter eu sido mariñeira*. E ali prantou tamén unha árbore (un loureiro, especie elexida por ela "por ser unha árbore de vencedores, autóctona e gastronómica", sinalou).

Na prantación participaron tamén arrimando paladas de terra escritores, amigos e familiares de Helena Villar (entre os que se atopaban o seu home, Xesús Rábade Paredes, e a súa neta, Helena), así como os portavoces dos grupos políticos da Corporación de Rianxo. A Banda da Escola de Música de Rianxo interpretou o himno galego.

Na súa intervención, Helena Villar amosouse moi leda de prantar unha árbore na terra na que reside "despois de ter sido nai e escribir algún libro, seguindo a recomendación do profeta Mahoma". No muro da praciña colgáronse sete fotos do peirao feitas pola propia autora, que agasallou a cada asistente cunha tarxeta ca reproducción da mesma e co texto "Xeometría onírica nas ondas de cambio eterno". O alcalde, Adolfo Muíños, entregoulle a partitura dunha peza musical estreada a continuación na súa honra pola banda, titulada *Ondas en branco e azul*, do compositor local Antón Alcalde.

A música, que forma parte da vida de Helena Villar, estivo onte moi presente en todos os actos celebrados en Rianxo. Xa no Cuartel Vello, despois de que Yago Hermo tocase unha peza ó piano, Marica Campo leu a laudatio na que recordou a prolífica produción editorial da homenaxeada (autora de 7 libros de poesía, 2 de narrativa, 5 ensaios, 30 libros de literatura infantil e 15 de poesía e narrativa xunto co seu home), así como as súas facetas de colaboradora habitual de EL CORREO GALLEGOS, amante da fotografía artística e mesmo compositora.

Villar Janeiro recibiu a escultura dun libro ca Letra E da AELG, obra do artista Caxigueiro, e adicoulle o recoñecemento de xeito especial ó seu home "e á miña neta, que me segue arrincando contos e versos". "Empecei a escribir para falar comigo na soiade telúrica", dixo emocionada, para engadir: "Prometo seguir transmitindo as palabras cas que morreron velliños e velliñas nos beizos".